

Fundación Repsol impulsa o deporte escolar co proxecto 'Activa a túa Enerxía'

- Fundación Repsol promove esta iniciativa con máis de 9.500 participantes a nivel nacional, que está destinada a **promover a actividade física en nenos e nenas de entre 6 e 11 anos**.
- Grazas a este proxecto máis de **1.400 participantes da Coruña e Arteixo** contan esta tempada cun equipamento completo personalizado e gratuíto para disputar os seus partidos de fútbol.
- No evento de presentación na Coruña participaron **Javier Manjarín**, ex-xogador do Deportivo e a adestradora de fútbol feminino, **Irene Ferreras**.

Fundación Repsol impulsa a iniciativa '**Activa a túa Enerxía**' cuxo obxectivo é fomentar a práctica deportiva desde idades temperás e promover un estilo de vida saudable de nenos e nenas entre 6 e 11 anos. Neste inicio da súa andaina, o programa conta xa con 9.500 participantes a nivel nacional, dos que máis de **1.400 son da Coruña e Arteixo**.

O Polideportivo Municipal coruñés dos Rosales foi o escenario escollido para a presentación do programa, que permitiu que os pequenos deportistas pertencentes a **9 clubs e centros educativos** rexistrados conten esta tempada cun equipamento completo personalizado e gratuíto para os seus partidos de fútbol.

O evento iniciouse coa presenza de **Javier Manjarín**, adestrador cunha ampla traxectoria deportiva que inclúe unha medalla olímpica 1992 e o seu paso por distintos clubs de fútbol profesional, incluído o Deportivo; xunto a **Irene Ferreras**, ex-xogadora profesional e adestradora de fútbol feminino, sendo técnica do Deportivo Abanca entre 2022 e 2024. Ambos os deportistas responderon as preguntas dos máis pequenos e incidiron na importancia do deporte e os seus valores para o desenvolvemento físico e emocional.

Na presentación participaron tamén **Nereida Canosa**, concelleira de Benestar Social, Participación e Igualdade do Concello da Coruña; **Natalia Barreiro**, directora do Complexo Industrial de Repsol; e o responsable de Patrocinio de Fundación Repsol, **Mateo Casal**. Xunto a eles estiveron distintos representantes das entidades rexistradas: os clubs deportivos **Oza, A Silva, Os Rosales, SD. Esperanza de Meicende, ACM de Pastoriza** e os centros educativos: **Curros Enríquez, Escravas, San Francisco Javier e Grande Obra de Atocha**.

Tras a presentación dos equipamentos deportivos, os máis de 200 nenos e nenas que asistiron ao evento xunto aos seus familiares, puideron participar en diferentes xogos lúdicos e deportivos como carreiras de globos, karts, circuío de habilidades co balón ou fútbol-diana. As actividades estaban deseñadas para fomentar a actividade física dunha maneira divertida e formativa, permitindo ademais a interacción entre os participantes e o traballo en equipo.